**Asociación de Directores**
**de CC.PP. de E. Infantil e Primaria**
**A Coruña**

# CONSELLOS ESCOLARES

## MANUAL DE ELECCIÓNS

## (6ª Edición)

**Segundo Resolución do 1 de setembro de 2008**
**(DOG do 18 de setembro)**

**Setembro de 2008**

## DOCUMENTACIÓN INICIAL:

1. Calendario de actuacións
2. Estadullo para o seguimento de renovacións
3. Compilación de lexislación aplicable

**OBSERVACIÓN:**

Este manual está pensado especialmente para os centros de educación infantil e primaria, sendo polo que nel non se contempla o proceso de eleccións no sector de alumnado.

## CALENDARIO PARA A CELEBRACIÓN DE ELECCIÓNS

*Segundo a Resolución do 1 de setembro de 2008 (DOG do 18)*

| DATAS | ACTUACIÓNS |
|---|---|
| 28-Outubro (Martes) | – Publicación no taboleiro de anuncios do Centro da data e hora no que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral. *(Artigo 30 do Decreto 92/1988 segundo redacción dada polo Decreto 324/1994; DOG do 9 de agosto)*<br>– Envío de circular aos pais e nais anunciando dito sorteo. |
| 30-Outubro (Xoves) | – Sorteo público, ás 12'00 horas, para a designación dos membros da Xunta Electoral (Titulares e Suplentes).<br>– Segundo o resultado anterior, envío de citacións para a constitución da Xunta Electoral |
| 3-Novembro (Luns) | – **Primeira reunión da Xunta Electoral:**<br>• Acto da súa constitución<br>• Aprobación do calendario de actuacións<br>• Publicación nos taboleiros de anuncios:<br>a) Das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos.<br>b) Dos correspondentes censos electorais.<br>• Escrito ao Concello e a ANPA solicitando a designación dos seus representantes. |
| 4- Novembro (Martes) | – Envío de circular ás nais e pais do alumnado coa convocatoria do seu sector |
| Do 5 ao 14 de novembro | – Prazo de presentación de candidaturas aos distintos sectores |
| 10-Novembro (Luns) | – Envío de convocatoria para a celebración da segunda reunión da Xunta Electoral<br>– Envío de convocatoria de Claustro informativo para o día 17 *(Art. 35 do Decreto 92/1988)* |
| 17-Novembro (Luns) | – **Segunda reunión da Xunta Electoral:**<br>• Admisión, proclamación e publicación de candidaturas.<br>• Aprobación dos censos electorais e de modelo de papeletas, sobres...<br>• Sorteo público para a designación dos membros das mesas electorais.<br>– **Reunión de Claustro de Profesores** (Lectura de normas, Relación de candidaturas, Acordo de convocatoria de Claustro extraordinario para o día 24, luns. |
| 18-Novembro (Martes) | – Comezo das distintas campañas electorais.<br>– Envío de:<br>• Circular ás nais e pais do alumnado anunciando as candidaturas do seu sector.<br>• Convocatoria de Claustro extraordinario a celebrar o día 24.<br>• Citacións para a constitución das distintas mesas electorais.<br>• Convocatoria para a terceira e última reunión da Xunta Electoral |
| 21-Venres | – Envío aos pais e nais do alumnado dunha circular recordatoria do día das votacións do seu sector |
| 24-Novembro (Luns) | – **VOTACIÓNS:**<br>- Persoal de administración e servizos, de ser o caso. (Ás 12'00 horas)<br>- Profesorado. (Ás 16'00 horas)<br>- Pais, nais e titores legais do alumnado. (De 17'00 a 20'00 horas) |
| 26-Novembro (Mércores) | – **Terceira e última reunión da Xunta Electoral:**<br>• Proclamación e publicación de candidatos electos.<br>• Traslado das actas das mesas electorais ao titular da delegación provincial.<br>– Envío de convocatoria de reunión para a constitución do novo Consello Escolar. *(Artigo 52 do Decreto 92/1988, DOG do 29 de abril)* |
| 1-Decembro (Luns) | – **Celebración de reunión do novo Consello Escolar:**<br>• Constitución do Consello..<br>• Designación dos membros que van a constituír a Comisión Económica.<br>• Designación da persoa responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres. *(Art. 126.2 da LOE)*.<br>• Constitución do Observatorio da Convivencia Escolar. *(Art. 7º do Decreto 85/2007, do 12 de abril e Instrucións da Consellería de Educación do 17 de outubro de 2007).* |
| Antes do 20 de decembro | – Envío ao delegado provincial do formulario que se publica como anexo II á Resolución do 1 de setembro de 2008 (DOG do 18). |

# ESTADULLO PARA FACILITAR A DETERMINACIÓN DOS MEMBROS A RENOVAR NO CONSELLO ESCOLAR

**(Exemplificación do Consello Escolar dun centro escolar de oito ou máis unidades)**

| CONVOCATORIAS | APLICABLE AO SECTOR DE PROFESORES OU DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO (Constitución 1996. Membros: 1, 2, 3, 4, 5) | | |
|---|---|---|---|
| | **Seguen** | **Saen** | **Entran** |
| 1996<br>1ª Constitución<br>segundo o ROC | Saen elixidos por primeira vez os membros identificados cos números: 1, 2, 3, 4 e 5 | - | - |
| 1998<br>(1ª Renovación) | 1 ....................<br>2 ....................<br>3 .................... | 4 ......................<br>5 ...................... | 6 ......................<br>7 ...................... |
| 2000<br>(2ª Renovación) | 6 ....................<br>7 .................... | 1 ......................<br>2 ......................<br>3 ...................... | 8 ......................<br>9 ......................<br>10 ..................... |
| 2002<br>(3ª Renovación) | 8 ....................<br>9 ....................<br>10 ................... | 6 ......................<br>7 ...................... | 11 .....................<br>12 ..................... |
| 2004<br>(4ª Renovación) | 11 ...................<br>12 ................... | 8 ......................<br>9 ......................<br>10 ..................... | 13 .....................<br>14 .....................<br>15 ..................... |
| 2006<br>(5ª Renovación) | 13 ...................<br>14 ...................<br>15 ................... | 11 .....................<br>12 ..................... | 16 .....................<br>17 ..................... |
| 2008<br>(6ª Renovación) | 16 ...................<br>17 ................... | 13 .....................<br>14 .....................<br>15 ..................... | 18 .....................<br>19 ..................... |

**OBSERVACIÓN**: O tempo de permanencia no Consello Escolar (CE) dos membros electos é de catro anos. Cando por calquera circunstancia un deses membros é substituído, a persoa que o substitúe será representante no CE só polo tempo que lle resta ao substituído para finalizar o seu mandato.

A Coruña, 24 de setembro de 2008

# RECOMPILACIÓN DE LEXISLACIÓN APLICABLE

## 1. CONVOCATORIA, CURSO 2008-2009

*Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos. (DOG, 18/09/08).*

Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

No punto 6º do artigo 126 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) establécese que lles corresponde ás administracións educativas determinar o número total de membros do Consello Escolar e regular o proceso de elección, polo que, ao abeiro do establecido na disposición transitoria décimo primeira da LOE, dado que o devandito artigo remite a ulteriores disposicións regulamentarias que aínda non foron ditadas, son de aplicación as normas dese rango que o viñan sendo á data de entrada en vigor da LOE, sempre que non se opoñan ao disposto nela.

No Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril, establécese, no seu artigo 29, que o procedemento de elección dos membros do consello escolar dos centros públicos se desenvolverá no primeiro trimestre do curso académico que corresponda e dentro do período lectivo, e que a data de celebración das eleccións será fixada, cun mes de antelación, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Nos artigos 49 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, aprobados polos decretos 374/1996, do 17 de outubro, e 324/1996, do 26 de xullo, respectivamente, e no artigo 11 do Regulamento orgánico dos centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, aprobado polo Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, establécese que a elección do consello escolar e a súa constitución nos centros de nova creación se efectuará no mes de outubro, e que a primeira renovación do consello escolar se producirá ao cabo dun ano ou dous de maneira que coincida coa renovación do resto dos consellos escolares no ámbito da comunidade autónoma.

Na Orde do 21 de outubro de 1996, pola que se determinan aspectos para a elección dos membros do consello escolar nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos, establécese o procedemento de integración no consello escolar dos profesores, dos alumnos e dos pais dos alumnos de primeiro e segundo cursos da educación secundaria obrigatoria que cursen estudos nun centro de primaria, e determínase a composición dos consellos escolares dos institutos de educación secundaria con menos de oito unidades.

No artigo 1 da Orde do 28 de agosto de 1996 pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados, establécese que o dito procedemento se realizará de acordo co regulamentado nesa orde e que nos aspectos non previstos nela haberá que aterse ao establecido para os centros públicos no Decreto 92/1988, do 28 de abril, modificado polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo.

Por corresponderlle no curso 2008-2009 a renovación dos consellos escolares dos centros docentes sostidos con fondos públicos, esta dirección xeral, en uso da autorización que figura na disposición derradeira primeira do Decreto 92/1988, do 28 de abril,

RESOLVE:

Artigo 1º

O obxecto desta disposición é fixar as datas para a elección dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar dos centros docentes sostidos con fondos públicos, así como ditar instrucións para o seu desenvolvemento.

Artigo 2º

1. As eleccións dos representantes dos distintos sectores da comunidade educativa no consello escolar celebraranse entre os días 24 e 28 de novembro de 2008, ambos os dous incluídos. Non obstante, co fin de fomentar a participación de todos os sectores implicados, é desexable que, dentro das posibilidades de cada centro, a xunta electoral fixe unha única data para as votacións correspondentes.

2. A xunta electoral regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, constituirase entre os días 3 e 5 de novembro de 2008, ambos os dous incluídos.

3. De conformidade co establecido no artigo 31 b) do Decreto 92/1988, do 28 de abril, é competencia da xunta electoral concretar o calendario electoral. As xuntas electorais terán presente, en todo caso, que o prazo de admisión de candidatos non deberá ser inferior a sete días naturais.

Artigo 3º

Os centros que comezaron o seu funcionamento no curso 2007-2008 levarán a cabo a primeira renovación do consello escolar prevista nos artigos 49 dos regulamentos aprobados polos decretos 374/1996 e 324/1996, no artigo 11 do regulamento aprobado polo Decreto 7/1999, e no punto 12 da Orde do 28 de agosto de 1996 pola que se regula o procedemento de elección dos órganos de goberno dos centros privados concertados, de acordo co calendario xeral previsto no artigo 2º desta resolución.

Artigo 4º

Para determinar os membros do consello escolar que deben ser renovados nos centros regulados polos decretos 374/1996 e 324/1996 terase en conta o establecido no punto 1 da disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, que modifica o artigo 40 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e o artigo 41 do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

Artigo 5º

1. As eleccións para a primeira constitución do consello escolar nos centros que iniciaron o seu funcionamento no curso 2008-2009 celebraranse entre os días 27 e 31 de outubro de 2008, ambos os dous incluídos. Non obstante, co fin de fomentar a participación de todos os sectores implicados, é desexable que, dentro das posibilidades de cada centro, a xunta electoral fixe unha única data para as votacións correspondentes:

a) Para os centros de educación infantil, primaria e secundaria, de acordo coa orde desta consellería do 21 de outubro de 1996 (DOG do 22 de outubro).

b) Para os centros públicos integrados, no artigo 11 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26 de xaneiro).

c) Para os centros públicos de ensino non universitario de características singulares, de educación especial e de educación de adultos, na orde desta consellería do 29 de outubro de 1996 (DOG do 4 de novembro), corrección de erros no DOG do 15 de novembro de 1996.

d) Para os centros privados concertados, na orde desta consellería do 28 de agosto de 1996 (DOG do 26 de setembro).

2. Nos centros aos que se refire o punto anterior, a xunta electoral regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, constituirase entre os días 1 e 3 de outubro de 2008, ambos os dous incluídos.

Artigo 6º

Os centros en cada renovación parcial modificarán o número de membros do consello escolar en función do número de unidades que teñan nese momento.

Artigo 7º

Aos membros integrantes da xunta electoral, das mesas electorais e aos electores que necesiten permiso laboral para o desempeño das

súas obrigas seralles de aplicación o artigo 70.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio (DOG do 1 de xuño), da función pública de Galicia. Non obstante, o día ou os días en que se celebren as eleccións de representantes dos distintos sectores da comunidade educativa non poderán ser declarados non lectivos.

Artigo 8º

1. A acta do escrutinio da votación de cada mesa electoral, á que se refire o artigo 50 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, farase segundo o modelo que se publica como anexo I a esta resolución.

2. De conformidade co establecido no artigo 51 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, o director do centro, como presidente da xunta electoral, unha vez proclamados os candidatos elixidos, dará traslado das copias das actas de cada mesa electoral ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

3. Logo da constitución do Consello Escolar, á que se refire o artigo 52 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, o director do centro remitiralle ao delegado provincial, antes do 20 de decembro de 2008, o formulario que se publica como anexo II a esta resolución.

Artigo 9º

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2008.

María José Pérez Mariño
Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

**Nota:** Non se inclúen os anexos I e II que se citan

## 2. MEMBROS A SUBSTITUÍR EN CEIP QUE SÓ ESCOLARIZAN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA:

**- Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG, 2110/96)**

Artigo 41°.-*(Redactado conforme ao establecido na disp. adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, (DOG do 26)*

«Sen prexuízo do establecido no artigo 49º.2, dous anos despois de que se constitúa o Consello Escolar con tódolos membros, levarase a cabo a súa primeira renovación parcial e serán substituídos os seguintes membros:

a) Se o número total de membros electos do respectivo sector é par, renovarase a metade dos membros.

b) Se o número total de membros electos do respectivo sector é impar, procederase do seguinte xeito:

-Se o número total é de 1 membro: renóvase este membro.

-Se o número total é de 3 membros: renóvase 1 membro.

-Se o número total é de 5 membros: renóvanse 2 membros.

-Se o número total é de 7 membros: renóvanse 3 membros.

Para determina-las persoas concretas substituídas haberá que aterse inicialmente á voluntariedade. Se esta non se producise, os afectados serían os seguintes:

-Profesorado: menor antigüidade no centro, no corpo e menor idade, por esta orde.

-Pais e nais de alumnos ou alumnas: os que antes vaian deixar de formar parte da comunidade educativa, tendo en conta o curso escolar dos seus fillos. En caso de igualdade, determinarase por orde alfabética, sendo o afectado o que primeiro apareza nesa orde.

-Alumnado: o que antes deixe de ser alumno do centro. En caso de igualdade, aplicarase o criterio sinalado no parágrafo anterior.

Dous anos despois, substituiranse os membros non afectados na renovación parcial citada».

## 3. CRITERIOS PARA CUBRIR AS VACANTES CORRESPONDENTES A MEMBROS QUE POR CALQUERA CIRCUNSTANCIA DEIXARON DE PERTENCER AO CONSELLO ESCOLAR

**- Baixas xerais de membros do Consello Escolar**

Decreto 92/1988, do 28 de abril. (DOG, 29/04/88).

Artigo 55.- Páxina 11 deste documento.

## 4. REPRESENTANTES DO CONCELLO E DA A.P.A.

**a) Representante do Concello**

Decreto 92/1988, do 28 de abril. (DOG, 29/04/88).

Artigo 33.- Páxina 9 deste documento.

**b) Representante da APA**

*Decreto 374/1996, do 17 de outubro. (DOG do 21)*

Artigo 39°.-

1. Dos representantes que lles corresponden aos pais no consello escolar un será proposto pola asociación de pais máis representativa, os outras serán elixidos por votación ante a mesa electoral polos pais, nais ou titores de acordo co procedemento establecido no Decreto 92/1988, do 28 de abril.

A xunta electoral solicitaralle, cando proceda, a asociación de pais de alumnos do centro, legalmente constituída, que teña maior número de asociados por proposta dun representante para o consello escolar, dando un prazo de 10 días para o efecto.

2. No caso de non existir proposta da asociación de pais de alumnos para ocupa-la praza que lle corresponde a mesma, esa vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento que os outros representantes dos pais. Para efectos de futura renovación parcial, asignarase a praza correspondente á proposta da asociación de pais de alumnos ao candidato máis votado.

## 5. OUTRA NORMATIVA DE INTERESE:

**5.1. Número de membros do Consello Escolar**

Os centros en cada renovación parcial modificarán o número de membros do Consello Escolar en función do número de unidades que teñen nese momento *(Punto 10º da Orde do 21 de outubro de 1996; DOG do 22) e artigo 6º da Resolución do 22 de setembro de 2000 (DOG do 5 de outubro)*

**5.2. Composición dos Consellos Escolares:**

• CEIPs que só escolarizan alumnos de educación infantil e primaria: *Artigo 37 do Decreto 374/1996.*

• CEIPs que escolarizan tamén alumnos de ESO: *Punto 6º da Orde do 21 de outubro de 1996; DOG do 22.*

**5.3. Xunta electoral: *Art. 30 e 31 do Decreto 92/98.*** Páx. 9.

**5.4. O Director, Xefe de Estudios e Secretario non poderán ser candidatos ao Consello Escolar** *(Punto 6º Circular 1/98, do 2 de febreiro)*. Páx. 12.

**5.5. Censos electoral dos sector de nais e pais**

Deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, polo menos, de anticipación á data fixada para o acto electoral. *(Artigo 41 do Decreto 92/1988. Páx. 10)*

**5.6. Papeletas de votación:**

• Xeneralidades: *Punto 2º da Circular 1/98, do 2 de febreiro, da Dirección Xeral de Centros.* Páx. 11.

• Profesores: *Art. 37 do Decreto 92/1988.* Páx. 10.

• Pais: *Artigo 42 do Decreto 92/1988.* Páx. 10.

**5.7. Mesas electorais:**

• Profesores: *Artigo 36 do Decreto 92/1988.* Páx. 9

• Pais: *Artigo 39 do Decreto 92/1988.* Páx. 10.

**5.8. Votacións**

Para a elección de tódolos representantes o voto será directo, secreto e non delegable (non por correo)

**5.9. Supervisores:**

• Votación de pais: *Art. 40 do D. 92/1988.* Páx. 10.

**5.10. Profesores: relixión, liberados sindicais e substituídos**:

Na elección dos representantes do profesorado non participan os substitutos e si os profesores substituídos con licencia por enfermidade. Tamén participan os profesores de relixión e os liberados sindicais. *Punto 8º.2 da Circular 1/98, do 2 de febreiro.* Páx. 12.

**5.11. Único representante do persoal de administración**:

De existir no centro un só membro correspondente ao sector de representantes do persoal de administración e servizos quedará dito membro automaticamente integrado no Consello Escolar: *Artigo 49 do Decreto 92/1988.* Páx. 10.

**5.12. Empates de votos:** *Art. 50 do Decreto 92/1988.* Páx. 10

**5.13. Quórum**: *Artigo 50 do Decreto 374/1996*.

## 6. DECRETO 92/1988, DO 28 DE ABRIL

*Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario. (DOG, 29/04/88). Modificado polo Decreto 279/1990, do 27 de abril (DOG do 17 de maio) e polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria. (DOG, 09/08/96)*.

De conformidade coas competencias que en materia de educación ten atribuídas a nosa Comunidade Autónoma en virtude do establecido no artigo 31 do Estatuto de Autonomía o presente Decreto desenvolve o preceptuado no título terceiro da Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.

O procedemento electoral para a designación dos órganos unipersoais e colexiados dos centros educativos, así como as competencias dos primeiros e a composición e funcións do Consello Escolar e do Claustro de profesores estaba regulada polo Decreto 107/1986, do 10 de abril. A experiencia acadada durante o período de vixencia e as múltiples cuestións que houbo que resolver na aplicación desa normativa, aconsellan proceder á adaptación e modificación do Decreto 107/86 co fin de conseguir unha lexislación máis completa e eficaz no eido da administración educativa.

Tendo en conta que as modificacións que se efectúan afectan a numerosos artigos do Decreto 107/1986, e que resulta máis operativo que esta materia estea regulada nunha soa disposición legal, procédese á derrogación do Decreto antes citado, tendo así carácter unitario a nova normativa que agora se dicta.

Na súa virtude, no uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, e a proposta do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinteoito de abril de mil novecentos oitenta e oito.

*DISPOÑO:*

*(Segundo o establecido na disposición derrogatoria do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria (DOG do 9 de agosto), quedan derrogados os artigos desde o 1 ao 28, ámbolos dous incluídos, deste Decreto).*

PROCEDEMENTO
DE ELECCIÓN

Artigo 29.-

*(Artigo redactado conforme ao Decreto 279/1990, do 27 de abril; DOG do 17 de maio).* O procedemento de elección dos membros do Consello Escolar dos centros públicos desenvolverase no primeiro trimestre do curso académico que corresponda, e dentro do período lectivo. A data de celebración das eleccións será fixada, con un mes de antelación, pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O proceso de elección do director e a designación do equipo directivo deberá quedar cerrado na última semana de xuño do curso académico que corresponda.

Artigo 30.-

*(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).* "A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da Xunta Electoral, que se constituirá en cada centro, nas datas que fixe a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e que esteará integrada polo director ou directora do centro, un profesor ou profesora, un pai ou nai ou titor legal, un representante do persoal de administración e servizos, e, de se-lo caso, un alumno ou alumna de educación secundaria; designados os catro últimos por sorteo público no que se preverá a designación de membros suplentes."

Artigo 31.-

Serán competencias da citada xunta:

a) Aprobar e publica-los censos electorais, que deberán reflexar, en todo caso, nome apelidos dos electores.

b) Concreta-lo calendario electoral, de acordo co establecido no artigo 29º do presente Regulamento.

c) Ordena-lo proceso electoral.

d) Admitir e proclamar candidaturas.

e) Promove-la constitución das distintas mesas electorais.

f) Resolve-las reclamacións presentadas contra as resolucións das mesas electorais.

g) Proclama-los candidatos elixidos e remiti-las correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 32.-

*(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).* "1. Son electores e elixibles tódolos membros da comunidade escolar, pero cada membro soamente poderá ser candidato por un dos sectores da comunidade escolar.

2. O prazo de admisión de candidatos non será inferior a sete días.

3. Pechado o prazo de admisión de candidatos, a xunta electoral fará publica a proclamación de candidatos.

4. Contra o acordo de proclamación poderase reclamar no prazo dos dous días seguintes. A xunta electoral resolverá no seguinte día hábil e contra a súa decisión poderá interpoñerse recurso, que non terá efectos suspensivos, perante o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria."

Artigo 33.-

*(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).* "Na primeira constitución, e sempre que se produza unha renovación parcial, a xunta electoral solicitará do concello no que estea situado o centro, a designación dun representante para formar parte do Consello Escolar."

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTE
DO PROFESORADO

Artigo 34.-

Os representantes do profesorado no Consello Escolar do centro serán elixidos polo Claustro de entre os membros do mesmo que fosen proclamados pola xunta electoral.

O voto será directo, secreto e non delegable.

Artigo 35.-

O director do centro procederá a convoca-lo Claustro, para dar lectura ás normas deste Regulamento no relativo ao procedemento de elección dos representantes dos profesores no Consello Escolar, así como á relación de candidatos proclamados como tales pola xunta electoral. Nesta sesión fixarase a data de celebración do Claustro, de carácter extraordinario, que terá como único punto da orde do día a elección de representantes dos profesores no Consello Escolar.

Artigo 36.-

Nesa sesión do Claustro extraordinario constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

Artigo 37.-

*(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).* "Cada profesor ou profesora fará constar na súa papeleta un máximo dun, dous, tres, catro ou cinco nomes da lista de candidatos segundo corresponda a renovación de menos de tres, tres, catro, cinco ou mais de cinco profesores respectivamente. Serán elixidos os profesores e profesoras con maior número de votos. Se na primeira votación non resultase elixido o número de profesores e profesoras que corresponda, procederase a realizar no mesmo acto sucesivas votacións ata alcanza-lo dito numero, sen prexuízo do disposto no artigo 53."

ELECCIÓN DOS
REPRESENTANTES DOS PAIS

Artigo 38.-

*(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).* "A representación dos pais no Consello Escolar correspóndelles a estes ou os representantes legais dos alumnos, independentemente do número de fillos escolarizados no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e a nai, ou, se é o caso, aos titores legais."

Artigo 39.-

A elección producirase ente os candidatos admitidos e proclamados como tales pola xunta electoral. Para este efecto constituirase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais ou titores legais, designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade. A Xunta deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

A mesa electoral encargarase de presidi-la votación, conserva-la orde, velar pola pureza do sufraxio e realiza-lo escrutinio.

Artigo 40.-

Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro, propostos por cada unha das asociacións de pais de alumnos existentes no mesmo ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores.

Artigo 41.-

O censo electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, alomenos de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación por parte de pais e titores legais dos alumnos.

Artigo 42.-

*(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).* "O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acreditala súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos e candidatas, segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou mais de tres, respectivamente."

ELECCIÓN DOS
REPRESENTANTES DOS ALUMNOS

Artigo 43.-

*(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).* "1. Tódolos alumnos e alumnas de educación secundaria matriculados no centro son electores e todos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar, coas atribucións que lles corresponden aos seus membros; non obstante, os alumnos e alumnas do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria non poderán participar na elección nin no cesamento do director ou directora.

2. Os alumnos e alumnas de educación primaria poderán participar no Consello Escolar nos termos que se estableza no correspondente Regulamento orgánico de escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria."

Artigo 44.-

A mesa electoral estará integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e dous alumnos designados por sorteo, actuando como secretario o alumno de menor idade.

A Xunta electoral deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

Artigo 45.-

*(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).* "O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou mais de tres, respectivamente."

Artigo 46.-

Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos existentes no centro ou avalados pola sinatura de dez electores.

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DO PERSOAL DE
ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Artigo 47.-

O representante do persoal de administración e servizos será elixido, cando corresponda polo persoal que realiza no centro funcións desta natureza, sempre que estea vinculado a mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral, tendo todo o persoal que reúna os requisitos indicados a condición de elector ou elixible, debendo, en todo caso presenta-la oportuna candidatura perante a xunta electoral.

Artigo 48.-

Para a elección do citado representante constituirase unha mesa electoral integrada polo director, que actuará como presidente, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.

Artigo 49.-

O voto será directo, secreto e non delegable, facendo constar na papeleta o nome da persoa á que se lle outorga a representación.

Nos centros docentes nos que exista un só membro correspondente a este sector quedará automaticamente integrado no Consello Escolar.

FINALIZACIÓN
DO PROCEDEMENTO

Artigo 50.-

*(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).* "Cada mesa electoral, unha vez finalizada a votación correspondente, procedera ao escrutinio dos votos, que será público. Logo de efectuado, redactarase unha acta, que asinarán tódolos membros da mesa, na que se farán consta-los representantes elixidos, co numero de votos alcanzado por cada un e os nomes de tódolos non elixidos, con especificación dos votos obtidos en cada caso, para efectos de posibles substitucións futuras dos candidatos proclamados.

Os empates que se puidesen producir en numero de votos dirimiranse en favor dos que posúan maior antigüidade no centro e, en caso de igualdade, a elección dirimirase por sorteo.

Darase traslado das actas a xunta electoral do centro."

Artigo 51.-

Unha vez recibidas as actas, a xunta electoral do centro procederá á proclamación dos candidatos elixidos, dando traslado da copia das mesmas ao Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Contra as decisións da citada xunta poderase presentar por un prazo de quince días reclamación perante o Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A resolución desta poñerá fin á vía administrativa.

CONSTITUCIÓN DO
CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO

Artigo 52.-

O Consello Escolar constituirase, logo da convocatoria dos seus membros polo director do centro, dentro dos 10 días seguintes á proclamación dos candidatos electos.

Artigo 53.-

A falta de representantes dalgún dos sectores da comunidade escolar, por causas imputables a eles, non invalidará a constitución do Consello Escolar.

Artigo 54.-

*(Artigo derrogado segundo o establecido na disposición derrogatoria do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, DOG do 9 de agosto).*

Artigo 55.-

*(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).* "1. Os membros electivos do Consello Escolar do centro renovaranse por metades de forma alternativa cada dous anos.

2. As baixas de conselleiros que se produzan antes da expiración do prazo para ocupa-la praza para a que foron elixidos por deixar de reuni-los requisitos necesarios para pertencer ao Consello Escolar ou por calquera outra circunstancia, producirán unha vacante que será cuberta polos candidatos seguintes de acordo co numero de votos obtidos. Para estes efectos utilizarase a lista da última renovación parcial independentemente de que a vacante que se vai cubrir corresponda a unha renovación parcial anterior. No caso de que non houbese candidatos para cubri-la vacante, quedaría sen cubrir ata a próxima renovación do Consello Escolar.

3. As vacantes que non fosen cubertas dotaranse mediante elección na seguinte renovación parcial. As vacantes que se produzan a partir do mes de setembro anterior a calquera renovación parcial cubrirase na dita renovación e non por substitución.

4. No caso de que nunha renovación parcial haxa vacantes que pertenzan a renovación parcial anterior, os postos da renovación actual cubriranse cos candidatos mais votados e as vacantes, cos seguintes en numero de votos. Estas últimas renovaranse na seguinte elección parcial."

Artigos 56-61.-

*(Artigos derrogados segundo o establecido na disposición derrogatoria do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).*

*Disposicións adicionais*

*(Disposicións derrogadas segundo o establecido na disposición derrogatoria do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).*

*Disposicións transitorias*

**1ª.-** Mentres non se aproben os cadros de persoal dos centros de Educación Preescolar e Educación Xeral Básica, a adscrición do profesorado aos distintos ciclos e áreas será competencia do director do centro, tendo en conta criterios de especialidade, titulación, antigüidade e continuidade no ciclo ou departamento.

**2ª.-** Aos órganos unipersoais nomeados ao abeiro do establecido no Decreto 107/86, do 10 de abril, non lles será de aplicación o previsto no artigo 19º e) do presente Decreto, podendo continuar no desempeño dos seus cargos ata o termo dos tres anos para os que foron nomeados.

*Disposición derrogatoria*

Queda derrogado o Decreto 107/86, do 10 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario e tódalas disposicións de igual ou inferior categoría que se opoñan ao establecido no mesmo.

*Disposicións derradeiras*

**1ª.-** Autorízase á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dictar tódalas disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste Decreto.

**2ª.-** Este Decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

## 7. ACLARACIÓN DE POSIBLES DÚBIDAS

*Circular número 1/98, do 2 de febreiro, da Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa pola que se aclaran posibles dúbidas en relación co proceso de elección, composición e constitución dos órganos de goberno dos centros públicos de ensinanzas non universitarias.*

A Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes derrogou o Título III da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, e, en consecuencia, víronse afectadas as normas legais que desenvolvían o citado Título III da LODE.

O novo marco legal sobre órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario está recollido no Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto), polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, e no Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG. do 21 de outubro), polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e, nos aspectos de procedemento electoral, no Decreto 92/1988, do 28 de abril, modificado polo citado Decreto 324/1996.

Co obxecto de resolve-las dúbidas que se poidan presentar sobre a aplicación da lexislación citada, resulta conveniente face-las seguintes precisións:

*1° - Determinación do numero de unidades do centro*

Os efectos da elección do Consello Escolar, nos Institutos de Educación Secundaria, cando o Decreto 324/1996 fai referencia ao número de unidades entenderase que se refire ao número de grupos de alumnos, incluíndo, no seu caso, como grupos os existentes nas extensións dependentes dos mesmos. Por "grupo" debe entenderse o conxunto de alumnos que recibe simultaneamente ensinanza nas disciplinas comúns ou clases teóricas, segundo se trate de Bacharelato ou Formación Profesional.

Cando o Decreto 374/1996 fai referencia ao número de unidades, deben contabilizarse tódalas que estean xuridicamente creadas de Educación Infantil e Educación Primaria.

*2° - Papeletas de votación*

Pola Xunta Electoral confeccionaranse papeletas nas que figuren relacionados por orde alfabética, tódolos candidatos. Cada votante sinalará cunha cruz os candidatos que elixe, sen que en ningún caso poida rebasa-lo número legalmente establecido.

Serán nulas as papeletas nas que se sinale como elixidos un número de candidatos maior que o establecido.

As asociacións, institucións de carácter representativo ou grupos de candidatos, que o desexen, previa solicitude formulada perante a Xunta Electoral, poderán confeccionar papeletas nas que figurando tódolos candidatos admitidos e proclamados pola Xunta Electoral, antes citada, estean sinalados cunha cruz os candidatos que se propoñan para elixir. Nestas papeletas figurará de xeito claro e destacado a identificación ou siglas da asociación, institución ou grupo propoñente, sendo preciso a súa aprobación previa por parte da Xunta Electoral. No momento da votación, as papeletas ás que antes nos referimos e as confeccionadas pola Xunta Electoral figurarán expostas de xeito que quede garantido o requisito de voto secreto.

*3° - Da elección do director*

Procederá abri-lo proceso electoral para o nomeamento de Director nos seguintes supostos:

a) Cando o Director finalice o mandato para o que foi nomeado.

b) Cando as funcións de Director estean sendo desempeñadas por un Director nomeado polo Delegado con carácter accidental e ata o 30 de xuño.

c) Naqueles Centros nos que a renuncia do Director, aceptada polo Delegado Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria con efectos do 30 de xuño, permita abri-lo proceso electoral nos prazos establecidos no correspondente Regulamento Orgánico.

d) Cando o Delegado Provincial da Consellería de Educación, en aplicación do establecido nos respectivos Regulamentos Orgánicos, cese ao Director con efectos de 30 de xuño.

*4° - Variación posterior do número de unidades*

Naqueles centros que con posterioridade ás eleccións dos membros do Consello Escolar, tivesen variación do número de unidades, ou calquera outra circunstancia que supoña cambio na composición do mesmo, o Consello Escolar, ata a data en que se renoven con carácter xeral os Consellos Escolares da Comunidade Autónoma, continuará funcionando co mesmo número de membros. Coincidindo coa renovación dos Consellos escolares procederase do seguinte xeito:

Primeiro: Axustarase a composición do Consello Escolar á nova situación.

Segundo: Realizado o axuste, seguirase o proceso ordinario dun centro destas características para a primeira renovación.

Cando teñan que cesar persoas electas no último proceso aplicarase o establecido na disposición transitoria terceira e cuarta dos Decretos 374/1996, do 17 de outubro e Decreto 324/1996, do 26 de xullo respectivamente.

No suposto de supresión dun Centro por transformación noutros dous, o Consello Escolar do Centro suprimido quedará disolto e os dous Centros terán o tratamento de Centros de nova creación. O mesmo sucederá cando se supriman dous ou máis centros e se cre un novo por fusión dos anteriores.

*5° - Cómputo do tempo de servizos*

O obxecto de cómputo de anos ou cursos de antigüidade ou docencia requiridos para optar ao cargo de director será contabilizado o curso escolar no que se celebran as eleccións, téndose en conta que a duración do curso é, a estes efectos, para Educación Primaria ata o 31 de agosto e para Educación secundaria ata o 30 de setembro; por iso serán elixibles os profesores que dentro desas datas cumpran os requisitos esixidos.

*6° - Da disposición do consello escolar*

Os profesores que son membros do Consello Escolar en virtude de ocupar cargo directivo (Director, Xefe de Estudios, Secretario ou Administrador) non poderán ser candidatos ao Consello Escolar.

No suposto de que sexa nomeado Director, Xefe de Estudios, Secretario ou Administrador un ou varios representantes do profesorado no Consello Escolar, cesará nesta representación e producirá unha vacante que será cuberta de acordo co artigo 55.2 do Decreto 92/1988. O cese no cargo con anterioridade ao remate do mandato no Consello Escolar non implicará a recuperación da condición de membro do Consello Escolar como representante do profesorado.

*7° - Das maiorías no consello escolar*

Para a toma de decisións, cando o Consello Escolar estea constituído cun número menor de membros dos que lle corresponde, conformarán a maioría absoluta a metade máis un dos membros que de feito constitúen dito órgano colexiado, tendo en conta que soamente se contabilizaran os membros con dereito a voto. A estes efectos, considerarase que tamén hai constitución do Consello Escolar cando se proceda a súa renovación.

*8° - Das eleccións*

1.- Aqueles profesores que estean en Comisión de Servizos serán electores e elixibles no Centro en que exerzan a súa función docente. No suposto de que exerzan a súa actividade en dous ou máis Centros, deberán optar por un deles, ao efecto.

2.- Non formarán parte do Claustro de Profesores, a efectos de elección dos representantes do profesorado, os profesores substitutos, estando integrados no Claustro ao efecto, os profesores substituídos. Enténdese que son profesores substituídos os que están con licencia de enfermidade, maternidade, nupcialidade, asuntos propios, ou calquera outra ausencia previsiblemente inferior a seis meses.

3.- En canto aos profesores de Relixión, entenderase que forman parte do Claustro a efectos de elección dos representantes do profesorado no Consello Escolar unicamente os que teñan nomeamento outorgado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sendo polo tanto electores e elixibles, con independencia do número de horas que imparten.

4.- Consideraranse incluídos entre o persoal da Administración e Servizos os que presten servizos no Centro e estean vinculados cunha relación xurídica, administrativa ou laboral, coa Consellería ou co Concello.

5.- Deberán arbitrarse as medidas oportunas, por parte da Delegación Provincial, para que os membros das mesas electorais dos Institutos de Educación Secundaria ou das Escolas Oficiais de Idiomas dos que dependen Extensión ou Seccións, se despracen a estas a efectos de proceder á votación dos representantes dos diferentes sectores.

6.- As eleccións dos representantes dos distintos sectores que formen o Consello Escolar non deberá afecta-lo desenvolvemento normal das actividades docentes.

*9°- Do representante do concello do termino municipal onde estea situado o centro, do representante da A.P.A. e do representante das organizacións empresariais ou institucións laborais*

1.- O sistema de designación destes representantes corresponde ao Concello, a Asociación de Pais de Alumnos máis representativa e as Organizacións Empresariais ou Institucións Laborais respectivamente, polo que o Presidente do Consello Escolar unicamente debera solicita-la acreditación correspondente.

2.- O Concello, as Organizacións Empresariais ou Institucións Laborais e a A.P.A. poderán designar, se así o estiman, un profesor do Centro como representante no Consello Escolar.

Se este profesor fose ao mesmo tempo representante do profesorado no Consello Escolar, cesará nesta representación e producirá unha vacante que será cuberta de acordo co artigo 55.2 do Decreto 92/1988.

O cese no cargo con anterioridade ao remate do mandato no Consello Escolar non implicará a recuperación da condición de membro do Consello Escolar como representante do profesorado.

3.- O Concello, as Organizacións Empresariais ou Institucións Laborais e a A.P.A. poderán substituír ou retirarlle a representación a persoa designada, sempre que existan razóns motivadas e o notifiquen ao Presidente do Consello Escolar. En ningún caso poderán designar representante titular e suplente que acudan ás sesións indistintamente.

4.- O Concello poderá designar a unha mesma persoa como o seu representante en máis dun Consello Escolar de Centros do municipio.

5.- En caso de disolución ou cese de actividade da A.P.A., Organización Empresarial ou Institucional Laboral representada no Consello Escolar, a persoa designada perderá a condición de membro do Consello Escolar.

A vacante producida no Consello Escolar do representante da A.P.A., cubrirase polo representante proposto da A.P.A. que, de se-lo caso, pase a ser máis representativa; de non existir A.P.A., a vacante producida será cuberta de acordo co artigo 55.2 do Decreto 92/1988 polo tempo que lle quedaba de representación.

A vacante producida no Consello Escolar do representante das Organizacións Empresarias ou Institucións Laborais, cubrirase na próxima renovación do Consello Escolar de acordo co procedemento establecido no artigo 42° do Decreto 324/1996

6.- Cando corresponda un único representante dos pais no Consello Escolar, este será designado por elección e non por proposta da Asociación de Pais de Alumnos.

*10° - Dimisión dos membros do consello escolar*

Os representantes do profesorado, dos pais, dos alumnos e do persoal da Administración e Servizos que desexen renunciar, deberán formula-la renuncia, de forma expresa, perante o Presidente do Consello Escolar. Este limitarase a aceptar por escrito a renuncia e a informar aos restantes membros do Consello Escolar.

*11°- Do nomeamento do profesor delegado das extensións*

Nas Extensións de Institutos de Educación Secundaria e Extensións de Escolas Oficiais de Idiomas, por Delegación do Director, asumirá as funcións encomendadas aos órganos de goberno unipersoais un profesor delegado, que será nomeado e cesado de acordo co procedemento establecido para os restantes cargos directivos no artigo 21 e seguintes do Decreto 324/1996.

Cando a extensión teña a súa ubicación en localidade distinta ou cando se trate de nova autorización de extensión o profesor delegado será nomeado polo Delegado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O profesor delegado percibirá as retribucións correspondentes ao xefe de estudios de centro de tipo E.

*12°- Dos requisitos para optar o cargo de director nun instituto de educación secundaria*

Os efectos de reuni-lo requisito establecido no apartado b) do artigo 9° do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, tendo en conta que nos Colexios de Educación Xeral Básica impartíronse os niveis de 7° e 8° de E.X.B., considérase que estes niveis son equivalentes, a estes efectos, ao 1° e 2° curso da E.S.O.

*13°- Disposición derrogatoria*

Queda derrogada a circular n° 7, de 28 de abril de 1988, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se aclaran posibles dúbidas en relación co Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensinanzas non universitarias.

Santiago, 2 de febreiro de 1998

O Director Xeral de Centros
e Inspección Educativa

Asdo.: Severino Somoza Gómez

## 8. LEI ORGÁNICA DE EDUCACIÓN (LOE)

*- Artigo 126.2*

Unha vez constituído o Consello Escolar do Centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

## 9. OBSERVATORIO DA CONVIVENCIA ESCOLAR

***9.1.** Decreto 85/2007, do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar. (DOG, 08/05/07).*

Artigo 7º.- Organización e funcionamento do Observatorio da Convivencia Escolar nos centros educativos.

1. Nos centros educativos sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios constituírase, no seo do consello escolar, un Observatorio da Convivencia Escolar, que funcionará en Pleno. En todo caso tenderase a unha composición equilibrada de mulleres e homes nos membros do Pleno.

2. Manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

3. Os Observatorios da Convivencia Escolar dos centros educativos terán como funcións específicas:

a) A participación na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.

b) A elaboración dun informe anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Este informe será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

c) A coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionadas coa mellora da convivencia.

d) Propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.

e) Aqueloutras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa ou polo Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

4. Os observatorios da convivencia escolar dos centros educativos, segundo proceda e na forma que se determine pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, estarán integrados por:

a) O director ou directora do centro, a quen lle corresponderá a presidencia.

b) O xefe ou xefa de estudos, a quen lle corresponderá a vicepresidencia.

c) De un a catro representantes do profesorado en función do número de alumnado, unidades e niveis impartidos no centro.

d) O orientador ou orientadora do centro, se é o caso.

e) Unha persoa representante do alumnado.

f) Unha persoa da asociación de pais e nais con máis representatividade no centro ou, no seu defecto, unha persoa representante de pais e nais.

g) A persoa do consello escolar do centro que desempeñe a función de desenvolver os programas e iniciativas de coeducación.

h) Unha persoa representante do persoal non docente.

Unha das persoas anteditas, con destino no centro educativo, actuará como secretario ou secretaria e levantará acta.

Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

***9.2.** Instrucións sobre a constitución do observatorio da convivencia nos centros educativos e para a elaboración do plan de convivencia*.

Os centros educativos son espazos onde compartir vivencias e aprender a convivir. A organización das estratexias que se deben adoptar para educar na convivencia democrática, require da promoción dun espazo de consenso de toda a comunidade educativa: escola, familia, institucións locais e asociacións.

Ao longo do curso 2007/08 cada centro educativo iniciará o proceso de deseño e implantación do Plan de Convivencia, que formará parte do proxecto educativo, de modo que sexa coherente cos restantes documentos de planificación do centro. Na programación xeral anual incluiranse as actuacións previstas no Plan de Convivencia para cada ano académico.

O Plan de Convivencia ten por finalidade favorecer propostas educativas que axuden ao centro a conseguir a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, así como no exercicio da tolerancia e a liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, a desenvolver a motivación do alumnado pola aprendizaxe, e mellorar a cohesión e as relacións internas de cada grupo.

Partindo das características particulares e das necesidades do centro, o Plan de Convivencia como modelo de actuación planificada deberá contemplar os seguintes aspectos:

a) Obxectivos para lograr implicar aos distintos sectores da comunidade educativa.

b) Procedementos de actuación orientados á prevención de conflitos e a consecución dun adecuado clima no centro.

c) Funcións, dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa en canto á convivencia escolar.

d) Criterios de actuación respecto ao alumnado que presenta alteracións condutuais que dificultan a convivencia escolar.

e) Criterios de actuación ante situacións de posible acoso escolar.

f) Normas e procedementos de resolución de conflitos.

g) Seguimento e avaliación do Plan de Convivencia.

A educación para a convivencia, como parte integrante da función docente, desenvolvese en todas as áreas e materias do currículo. Así mesmo no tempo da titoría prestarase especial atención á educación na convivencia.

O Observatorio da Convivencia Escolar, tal e como se recolle no Decreto 85/2007, do 12 de abril (DOG do 8 de maio), constituirase no

seo do consello escolar nos centros educativos sostidos con fondos públicos e estará integrado por membros do mesmo; tendendo a unha composición equilibrada de mulleres e bornes.

Trátase dun órgano colexiado creado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro, propoñer e, de selo caso, deseñar as estratexias a adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

Funcionará en pleno, e celebrará tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocado pola presidencia, a instancia propia ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Entre as funcións do Observatorio da Convivencia Escolar de centro, está

Dinamizar o Plan de Convivencia do centro.

Elaborar un informe anual da análise da convivencia.

Informar trimestralmente ao consello escolar.

Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados coa mellora do clima de convivencia.

Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia. Aqueloutras que a propia Administración ou o Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial lle poidan encomendar.

Co fin de orientar aos centros na posta en marcha e constitución do Observatorio da Convivencia Escolar, segundo o Decreto 85/2007, do 12 de abril (DOG do 8 de maio), dítanse as seguintes instrucións:

1. O Observatorio da Convivencia constituirase no seo do consello escolar, no primeiro trimestre do curso académico 2007-2008. Para a súa constitución fixarase a data de celebración dun consello escolar, de carácter extraordinario que terá como único punto da orde do día a elección de representantes e constitución do Observatorio da Convivencia Escolar no centro.

Serán elixibles todos os membros do mesmo, na súa calidade de representantes de cada sector da comunidade educativa. Proclamaranse os candidatos ante o director ou directora, como presidente nato do Observatorio e elixiranse por voto directo e secreto, de forma independente de entre os propios representantes de cada sector.

Para esta sesión extraordinaria, actuará como secretario ou secretaria o mesmo do propio Consello Escolar

Na mesma sesión, o Director ou Directora, proclamará os membros elixidos, e a continuación procederase a constituir o Observatorio da Convivencia Escolar do centro.

2. Composición nos centros de menos de seis unidades

En relación á disposición adicional única do mencionado decreto, pola que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará a composición do Observatorio da Convivencia Escolar nos centros educativos de menos de seis unidades. Non se considera a necesidade da constitución, salvo que os centros así o decidan.

3. O Artigo 7º no seu apartado 4, recolle a composición do Observatorio da Convivencia Escolar do centro, no que se integrarán: o director ou directora do centro; o xefe ou xefa de estudos; o orientador ou orientadora, se é o caso; un representante do alumnado, un representante dos pais e nais; a persoa do consello escolar encargada das iniciativas e programas de coeducación; un representante do persoal non docente; e de un a catro representantes do profesorado. Tamén se indica que estará aberto á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e aos profesionais da sanidade, dos servizos sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

Con relación ao número de representantes do profesorado no Observatorio da Convivencia Escolar dos centros, establecese o seguinte:

- Nos centros de seis a once unidades: contará con dous representantes do profesorado.
- Nos centros de doce a dezasete unidades: contará con tres representantes do profesorado.
- En centros de dezaoito unidades ou máis: contará con catro representantes do profesorado

Estas instrucións serán de aplicación na constitución e posta en funcionamento do Observatorio da Convivencia Escolar dos centros educativos sostidos con fondos públicos de Galicia.

Na páxina web da convivencia escolar de Galicia http://www.edu.xunta.es/convivencia, atópase información, materiais, recursos e bibliografía orientativa sobre a elaboración do Plan de Convivencia.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2007.

A DIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN
E INNOVACIÓN EDUCATIVA.

Asdo.: Mª José Pérez Mariño

**DÍA 28 DE OUTUBRO (MARTES):**

- Publicación no taboleiro de anuncios do Centro da data e hora no que se procederá ao sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral.
- Envío de circular ás nais e pais do alumnado anunciando dito sorteo.

**DÍA 30 DE OUTUBRO (XOVES)**

- Sorteo público para a designación dos membros da Xunta Electoral
- Acta da celebración de dito sorteo
- Envío de citacións para a constitución da Xunta Electoral

*Escrito para o taboleiro de anuncios*
*e posterior envío aos pais de alumnos*

## CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 1 de setembro de 2008 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 18), realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 30, xoves, ás 12'00 horas**.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar as súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instruccións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do Centro.

A Coruña, 28 de outubro de 2008.
O/A DIRECTOR/A DO CENTRO,

Asdo.: ..........................................

## ACTA DO SORTEO DE MEMBROS DA XUNTA ELECTORAL

No **C.E.I.P. ........................** da Coruña, sendo as 12'00 horas do día 30 de outubro de 2008, reúnense na sala de profesores o/a Director/a do Centro e o/a Secretario/a do mesmo, para proceder o sorteo público dos membros que deberán formar a **XUNTA ELECTORAL** regulada no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Actúan de testemuñas varios membros da comunidade educativa do Centro.

O Secretario procede a dar as instruccións oportunas para sacar as bolas de elección dos membros da referida Xunta, obténdose o seguinte resultado:

**1. Representantes dos profesores:**

Titular: . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .
Suplente**:** . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

**2. Representantes dos pais/nais ou titores legais:**

Titular: . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .
Suplente**:** . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

**3. Representante do persoal de administración e servizos:**

Titular: . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .
Suplente**:** . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

E sen máis asuntos que tratar, finalizou o acto ás 12'30 horas do día antes mencionado, do que, como Secretario dou fe.

O/A SECRETARIO/A,

Vº E PRACE:
O/A DIRECTOR/A,

Asdo.: .........................................

Asdo.:.............................................

**Modelo de**
**CITACIÓN PARA A CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL**

D./Dª . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .
Rúa . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .
A Coruña

De conformidade coa Resolución do 1 de setembro de 2008 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consello escolares nos centros de educación non universitaria (DOG do 18) así como para dar cumprimento ao establecido no artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, o pasado día 31 efectuouse neste Colexio o sorteo para designar os membros da XUNTA ELECTORAL que, segundo a normativa citada, será o órgano competente na organización e supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar do Colexio.

No referido sorteo, sector correspondente de **...........................**, saíu vostede designado como **vocal ...........**[1] da mencionada XUNTA ELECTORAL, sendo polo que se lle comunica tal circunstancia e, ao mesmo tempo, se lle convoca para a reunión que ao efecto de constitución e organización da mesma se celebrará na sala de profesores deste Centro o próximo día **3 de novembro, luns, ás ................. horas.**

A Coruña, 30 de outubro de 2008
O/A DIRECTOR/A DO CENTRO,

Asdo.: .............................................

RECIBÍN O ORIXINAL
Data: ...... / ...... / ...... /
Asinado,

[1] Titular ou suplente

**DÍA 3 DE NOVEMBRO (LUNS):**

- Acta de reunión de constitución da Xunta Electoral
- Publicación de censos provisionais
- Envío de escritos ao Concello e a ANPA
- Publicación das distintas convocatorias no taboleiro de anuncios

**DÍA 4 DE NOVEMBRO (MARTES):**

- Envío de circular aos pais de alumnos coa convocatoria do seu sector
- Comezo do prazo de presentación de candidaturas
- Modelos de solicitudes de presentación de candidaturas
- Credencial de presentación de candidatura

# PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

Na cidade de A Coruña e sendo as ............ horas do día tres de novembro de dous mil oito, reúnense na sala de profesores do C.E.I.P. ....................................., desta localidade, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

**Primeiro.-** O/A Director/a do Centro, D./Dª, . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, da lectura a tódolos presentes dos artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario

**Segundo**.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da *Xunta Electoral* do Centro, quedando a mesma estructurada da forma seguinte:

• *Presidente*: D./Dª . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . Director/a do Centro.
• *Vocais:*
- D./Dª . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . (Mestre/a)
- D./Dª . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . (Pai/Nai)
- D./Dª . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . (Persoal de administración e servizos)

Actúa como *Secretario/a* o/a mestre/a, D./Dª. . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .

**Terceiro**.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral:

• *Día 3 de novembro:*
- Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesores, pais/nais e, se ser o caso, persoal de administración e servizos.
- Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados.
- Envío de escritos ao Concello e a ANPA solicitándolles a designación dos seus representantes.

• *Día 17 de novembro* (Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral):
- Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación.
- Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
- Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
- Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.

• *Día 24 de novembro*: Celebración das votacións de:
- Persoal de administración e servizos, de ser o caso, de 12'00 a 12'30 horas.
- Pais, nais e titores legais do alumnado, de 17'00 a 20'00 horas

• *Día 26 de novembro* (Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral):
- Proclamación de candidatos electos.
- Traslado ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, o Director/a, como Presidente/a da Xunta Electoral, levanta a sesión ás ............. horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretario/a, dou fe.

O/A SECRETARIO/A,

Vº E PRACE:
O/A PRESIDENTE/A,

Asdo.:.............................................

Asdo.:........................................

OS VOCAIS,

Asdo.: .........................................  Asdo.: ........................................

Asdo.: .........................................  Asdo.: ........................................

## Modelo de
## ESCRITO AO CONCELLO

**Sr. Alcalde-Presidente do Excmo. Concello da Coruña**
Palacio Municipal. Praza de María Pita
15001 A Coruña.

En virtude da Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 18) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1988, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo, (DOG do 9 de agosto), solicítolle a designación do representante do Excmo. Concello desta Cidade para formar parte como membro de dereito no Consello Escolar deste Centro.

O que lle comunico aos efectos oportunos, rogándolle que a designación de dito representante sexa comunicada á Xunta Electoral deste Colexio antes do día 26 de novembro de 2008, por ser a data de proclamación de candidatos segundo o Calendario electoral previsto.

A Coruña, 3 de novembro de 2008

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: ...................................................
D.N.I.: 00.000.000

**Modelo de**
**ESCRITO Á ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DO ALUMNADO**

Sr./Sra. Presidente/a da ANPA. . . . . . . . . . . . . . . .
CEIP . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . . .
A Coruña

Como Presidente/a da Xunta Electoral deste Centro constituída ao abeiro do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, polo que se regulan os órganos do goberno dos centros públicos de ensino non universitario, na súa nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, (DOG, 09/08/96) e a fin de dar cumprimento ao establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se regula e aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG do 21 de outubro) que, no seu artigo 39º di: "*Dos representantes que lle correspondes aos pais no consello escolar un será proposto pola asociación de pais máis representantiva"...* é polo que lle solicito que, nun prazo de dez días a partir da data do presente escrito, comunique á Xunta Electoral deste Centro a proposta que ao respecto fai esa ANPA.

Tal como se contempla no punto 2 do referido artigo 39 do Decreto 374/1996, no caso de non existir proposta da asociación de pais para ocupar a praza que lle corresponde, esa vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento que os outros representantes dos pais e nais.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos.

A Coruña, 3 de novembro de 2006
O/A PRESIDENTE/A
DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: . . . . . . . . . . . . . . . . ..

# ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

## CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 18), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar**, SECTOR DE PROFESORES**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **tres mestres[1],** dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 200.

2.- O censo electoral de mestres está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesores do Centro.

3.- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14'00 horas do día 14 de novembro.

4.- A mesa electoral estará formada polo Director/a do Centro, que actuará como presidente/a, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último de secretario.

5.- Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de **dous nomes[2]** da lista de candidatos.

6.- O voto será directo, secreto e non delegable.

7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes dos profesores no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores, a tales efectos, para o día **17 de novembro, ás ........... horas.**

8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 3 de novembro de 2008

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO E
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: ..........................................

(1) No caso de que se producira baixas, aplicar o número que proceda
(2) De ter que elixir un número distinto de profesores, ver o artigo 37 do Decreto 92/1988. Páx. 10.

## ELECCIÓNS DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

## CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 18), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar**, SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **.... pais/nais[1],** dun total de ....... que debe ter o Consello Escolar. Os outros ...... representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2006.

2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 17 de novembro.

3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do citado día 17 de novembro.

4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 17 de novembro, ás 16'30 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.

